

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 10, 22-30

Naquel tempo, era xa inverno e celebrábase daquela en Xerusalén a festa da Dedicación. Xesús paseaba polo Templo no Pórtico de Salomón. Rodeárono entón os xudeus e preguntáronlle:

– «¿Ata que día nos terás en suspenso? Se es ti o Mesías, dínolo abertamente.»

Xesús respondeulles:

– «Xa volo dixen e mais non credes: as obras que eu fago no nome do meu Pai son o meu aval. Pero vós non credes, porque non sodes das miñas ovellas. As miñas ovellas escoitan a miña voz: eu coñézoas e elas séguenme; eu doules vida eterna, e non se perderán para sempre: ninguén mas quitará da man. Meu Pai, que mas deu, é máis ca todos, e ninguén pode repañalas da man do Pai. Meu Pai e mais eu somos un.»